

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 29 DE DICIEMBRE DE 2016**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:10 minutos do día 29 de decembro de 2016 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez, D. Jesús Fernández García, D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Xosé Ferreiro Fernández, D. Francisco Xabier Molinos Campos, D<sup>a</sup> Juana Romero García, D<sup>a</sup> Magdalena Ron Villar e D<sup>a</sup> María Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE CON DATA DE 22 DE NOVIEMBRE DE 2016**

Iníciase o debate deste punto da orde do día mediante a defensa, polo voceiro do Grupo municipal do BNG, da moción do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE de Outeiro de Rei, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta MOCIÓN relativa a REVISIÓN CATASTRAL, con base na seguinte

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O procedemento de revisión catastral impulsado dende o Ministerio de Facenda co obxectivo de aumentar a recadación e intentar sanear as contas dos concellos, vai ocasionar un impacto importante sobre os habitantes do medio rural en xeral e sobre todo sobre as explotacións agrarias e gandeiras.

Esta revisión da resposta a aplicación da resolución da Dirección Xeral do Catastro de setembro de 2013, que marca como prazo ata o ano 2016 para levar a cabo dita actualización.

Este proceso consiste fundamentalmente en que se están a catastrar todas as fincas do rural, así como a dar de alta bens como instalación rústicas que son catalogadas como almacéns ou vivendas.

Isto ten como consecuencia que as instalacións agrarias inclúense no Imposto de Bens e Inmóbles, é dicir, pasan a pagar instalacións que ata agora estaban exentas de facelo.

Tal como recolle o artigo 74 da Lei Reguladora das Facendas Locais que permite as bonificacións potestativas, e establece que “os concellos mediante unha ordenanza poderán regular as bonificacións de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor dos inmóbles nos cales se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por darse circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento de ocupación.

Do mesmo xeito a normativa permite ó Concello decidir o coeficiente a aplicar sobre o valor catastral entre o 0,3% e o 0,9%.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei, dado a importancia que o sector agrario representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva e polo tanto de especial interese municipal, insta ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para os bens inmóbles nos cales se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras.
- Para as explotacións agrícolas e gandeiras o coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de o 0,3%”.

O concelleiro do Grupo Municipal do BNG, don Xabier Molinos, expresa o seu apoio á moción, se ben considera que a moción trátase un pouco tarde, xa que non podería entrar en vigor para o exercizo 2017, así como que a bonificación debe acotarse ás explotacións agrarias en activo, así como que o Concello debe facilitar aos veciños información e asistencia para acadar a bonificación.

Acto seguido toma a palabra dona Magdalena Ron Villar, voceira do Grupo Municipal de Foro Lugo Independiente, quen expresa que está de acordo co contido da moción, así coma de aquelas iniciativas que melloren a economía dos veciños, xa que o tema do IBI foi moi danosa para a economía das familias. Recorda que, na línea que xa expresaron en anteriores plenos, considera que podería avanzarse no tema do fraccionamento dos pagos, é dicir, en vez de un pago único, permitir que os veciños fagan fronte á cota tributaria en dous cuotas.

O voceiro do grupo municipal do PP, recorda que no Pleno anterior adoptaron unha serie de acordos que rebaixaron moito a fiscalidade da cidadanía en xeral, non soalmente do sector agrario, xa que ben si este sector non está en boa situación, a baixada debe beneficiar á totalidade da cidadanía.

No que atinxe á proposta de bonificación do 95% do cuota do imposto con carácter xeral, informa que non se pode levar a cabo con carácter xeral, senón previa solicitude do promotor e previo acordo plenario, cando as especiais características

dunha concreta actividade (non dus sector) así o permitan. O Secretario do Concello ratifica esta afirmación.

O sr. Alcalde considera que a baixada dos tipos impositivos en máis do 50% acordada na sesión anterior vai máis aló da proposta da moción, xa que é unha baixa moi importante e afecta á totalidade dos veciños.

De feito, aínda trala tributación das edificacións de uso agrícola, coa baixada tributaria acordada no anterior pleno a recadación municipal polo IBI rústico serán inferior á acadada antes da tributación de estas edificacións.

Pero a acción de Goberno de apoio ao rural non se queda nesas medidas tributarias, senón que se traduce nun nivel de prestación de servizos que redonda moi favorablemente a favor do sector, tal coma a retirada de plásticos agrícolas, o nivel de mantemento das vías municipais, o feito de que a auga chegue a tódalas parroquias... etc. É dicir, trátase de dar servizos aceptables pagando impostos soportables.

Por todo o anterior, e xa que na sesión anterior se acordou unha rebaixa moi importante no Imposto de Bens Inmóveis, non poden apoiar a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSDG-PSOE; BNG e FLI.

## **2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON DATA DE 24 DE NOVEMBRO DE 2016**

Iníciase o debate deste punto da orde do día mediante a defensa, polo voceiro do Grupo municipal do BNG, da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

**MOCIÓN RELATIVA A INSTAR AO ÓRGANO COMPETENTE A APROBAR UNHA LIÑA DE SUBVENCÍONS PARA QUE AS PERSOAS CON BAIXOS INGRESOS POIDAN FACER FRONTE AOS IMPOSTOS MUNICIPAIS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A subida dos impostos municipais durante o ano 2016 é un feito contrastado e xa comprobado, subida que permanecerá durante o ano 2017 e que se constatará na forte subida de ingresos por ese motivo para o concello.

Para o ano 2017 esta incautación dos cartos das traballadoras e traballadores vai a continuar, pois o concello no canto de poñer o tipo de gravame o máis baixo que permite a lei (o 0,4%) para compensar un pouco (non o suficiente pois o concello seguiría recadando moito máis que antes) estas subidas nos recibos, decidiu poñelo no 0,45%, cuestión que seguirá a aumentar bastante os recibos por riba do que sería necesario. O resultado vai ser que para o ano 2017 os ingresos do concello debidos á contribución urbana seguirán disparados en relación ao que se recadaba no ano 2015.

A situación é grave para toda a veciñanza, pero éo máis se cabe para aqueles veciños e veciñas que teñen a desgraza de estar en situación de desemprego, de ter traballos precarios cos que non chegan a ter unha renda digna ou para aquelas familias que teñen que sobrevivir cunha pensión mínima. Para todas estas persoas a situación pode ser ata desesperada, tendo que escoller en moitos casos entre pagar os recibos dos impostos municipais ou facer fronte aos gastos básicos e imprescindibles do fogar.

Dende o concello vense facendo caso omiso de xeito sistemático das propostas do BNG a este respecto, demostrando unha total falta de empatía coas persoas que poden estar pasando auténticas situacións desesperadas.

Dado o rexeitamento sistemático de calquera proposta de rebaixa ou exención destes impostos ás familias que non teñen ingresos suficiente, escusándose sempre en problemas técnicos ou xurídicos, dende o BNG facemos unha proposta que xa se está a utilizar noutros concellos do Estado sen que presente problemas legais. Esta iniciativa consiste en que o Concello de Outeiro de Rei saque unha liña de subvencións dirixidas a axudar ao pago dos impostos municipais a todas aquelas familias que teñan uns ingresos totais por debaixo do salario mínimo interprofesional, subvención que de decidirse dese xeito poderían ser graduais ou parciais, segundo sempre os ingresos das familias afectadas.

Estas subvencións permitirían que estas familias puideran facer fronte ao pago dos impostos municipais e debido a iso non deixara de facer fronte a outros gastos totalmente imprescindibles para a súa vida.

Por todo iso, seguindo na liña constructiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende a total responsabilidade, o BNG PROPÓN ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte

#### MOCIÓN:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde ou organismos que corresponda para que poña en marcha os mecanismos necesarios para a promulgación dunha liña de subvencións co seguinte obxectivo:

- Axudas a sufragar os gastos derivados do pago dos impostos municipais a aquelas familias que teñan uns ingresos menores ao equivalente ao Salario Mínimo Interprofesional.

- Axudas para pagar a toda a veciñanza as taxas de 60 euros cobradas polo catastro durante a regularización do ano 2015.

- Que estas axudas ou subvencións se publiquen todo o necesario para que toda a veciñanza sexa coñecedora da súa existencia”.

Engade que non está a defender a adopción de bonificacións non permitidas pola lei, senón o establecemento de achegas en función da capacidade económica dos veciños, que están perfectamente permitidas polo ordeamento xurídico e, de feito, nalgúns grandes concellos, coma o de Barcelona, xa se imprantaron.

Roga que se adopte esta medida, que permitirá paliar a grave inxustiza que se cometeu polo Goberno da Nación coa incautación dos sesenta euros pola regularización catastral.

Tanto o grupo municipal do PSdG-PSOE coma o de Folo Lugo Independiente manifestan o seu apoio á moción.

O voceiro do Grupo Municipal do PP replica que todo tributo implica unha incautación monetaria coa finalidade de que as Administracións Públicas poidan prestar servizos. O que non pode pretender o BNG é non cobrar impostos e prestar servizos. Isto, a día de hoxe, ninguén o conseguiu.

O que debe facerse é prestar servizos aceptables con impostos soportables. É dicir, acadar o equilibrio entre prestación de servizos e presión fiscal.

Este Concello está na busca permanente de este equilibrio, e deste xeito no último pleno rebaixouse o IBI no 50%, e non soamente aos gandeiros, senón a todo o sector primario.

Ogallá puidéramos rebaixar máis todavía os impostos, pero eso non se pode facer sen recortar servizos ou endebedarse.

Por outra banda, non é certo que o IBI grave por igual a tódolos veciños con independencia da súa riqueza, xa que as vivendas non son iguais, ao igual que non paga o mesmo imposto un Ferrari que un Seat Ibiza.

Tampouco é certo que o IBI o pagaban antigamente soamente os terratenientes. Él mesmo recorda cómo os seus abós tiñan problemas para pagar a contribución, e non eran persoas con moitos cartos, e de iso fai sesenta ou setenta anos.

No que atinxe ao fraccionamento dos pagos tributarios, esta Alcaldía xa asinou un decreto que concreta as condicións de fraccionamento dos pagos dos atrasos tributarios, así coma aqueles supostos nos que poden aprobarse fraccionamentos especiais en función das especiais circunstancias sociais do contribuinte, previo informe dos Servizos Sociais do Concello.

A solución que propón a moción xa se están a facer dende o concello, de xeito que cando os Servizos Sociais detectan unha situación de emerxencia social xa se están tomando medidas financeiras para a súa corrección, e non porque o diga o Alcalde, senón os Servizos Sociais.

Pero a medida que propón o BNG é inxusta, xa que quen ten unha casa que vale 300.000 euros ten que pagar máis que outro que ten unha casa que vale 100.000 euros, xa que evidencia unha meirande riqueza patrimonial, polo que debe soportar máis impostos.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG laméntase de que ningunha das propostas formuladas polos diferentes grupos da oposición acadaran nunca o apoio do equipo de Goberno.

Tamén afirma que o que aquí se trae non é unha baixa dos impostos, senón unha minora das fortes subas tributarias do Imposto de Bens Inmóbles, de xeito que parte do incremento de recadación polo IBI repercute nos veciños do concello, especialmente nos de menor capacidade económica. Naqueles que teñen máis dificultades para facer fronte ao imposto.

Polo tanto, non se pretende rebaixar a capacidade do Concello para financiar os servizos, senón destinar parte do incremento de recadación derivado da suba tributaria á ese fin social.

A necesidade social de adoptar estas medidas xurde, por exemplo, nos casos nos que se construíu unha casa boa nun momento dado no que se contaba cun bo nivel de ingresos, e co paso do tempo, na casa queda a viuda cunha pequena pensión que non lle dá para facer fronte ao pago do imposto. De esos casos hai moitos.

Esto é fácil de solucionar, non hai máis que aprobar as bases da convocatoria e darlles á axeitada publicidade, co gallo de que todos teñan as mesmas oportunidades. Non se trata de outra cousa. Por outra banda, o fraccionamento do pago non elimina o problema, senón que o apraza, polo que non é a solución para estes casos.

A voceira do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, en relación á emerxencia social para afrontar o servizo de auga, recorda que o entronque, neste concello, é o máis caro do país.

A voceira do Grupo Municipal de Foro Lugo Independiente afirma que aquí non se está pedindo nada fora do lugar, senón algo que o Alcalde pode facer perfectamente. Pregúntase porqué, se sobran os cartos e temos unha economía tan saneada como dí, porqué non se fan este tipo de propostas.

O Alcalde resposta que non é certo que o equipo de Goberno non escoite ás propostas da oposición. O BNG o ano pasado propuxo unha baixa do IBI, e no pleno pasado aprobouse unha baixa, non soamente do IBI, senón de outros impostos, coma do

IVTM para os contribuintes que domicilien os recibos. O que non pode pretender é que se acepten exactamente tal e coma as propoñen os grupos da oposición.

Insiste en que lle gustaría non cobrar impostos. Ningún imposto. Pero eso non é posible, xa que para prestar servizos é necesario dispor de cartos. E como nos non queremos recortar os servizos, senón melloralos, non podemos baixar máis os impostos do que xa os baixamos no pasado pleno.

O aprazamento é unha figura que facilita o pago á xente que pode necesítalo. Por outra banda, aínda de ser legar a bonificación do IBI en función da renta, non sería lóxico, xa que permitiría que aquel que cobrando unha pensión pequena, teña no banco 500.000 euros e dous casas de medio millón de euros, se beneficie da bonificación. E iso non é xusto.

As situacións de necesidade social seguirán a ser detectadas polos servizos sociais e, na medida do posible, se adoptarán solucións. Pero nestos casos se ten en conta todas as circunstancias: o seu patrimonio real entre outras cousas.

O exemplo da viúda que puña o voceiro do BNG non é válido, xa que esa vivenda boa da que se fala terá un herdeiro, e non é xusto que o Concello esté a pagar o IBI dunha vivenda para que despois sexa herdada por alguén que pode que non teña problema económico algún. Neste caso, os herdeiros deben colaborar na administración do patrimonio.

E naqueles casos nos que non é así, nos que existe unha necesidade real, os Servizos Sociais avaliarán a necesidade e a solución.

Invíta aos membros da oposición que presenten unha moción que garanta que, baixando moitísimo os impostos, permita manter os servizos. Anuncia que a apoiará.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSDG-PSOE; BNG e FLI.

### **3. MOCIÓN DE URXENCIA**

O Alcalde propón a votación da urxencia da moción moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, con data de 27 de outubro de 2016.

Sométese a votación a urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, con data de 27 de outubro de 2016.

Realizada a votación, a urxencia resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

A Continuación, o voceiro do Grupo municipal do BNG inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xose Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

#### MOCIÓN DE URXENCIA:

PARA QUE O CONCELLO INSTE AO MINISTERIO DE FOMENTO A QUE PERMITA O ACCESO Á N-VI EN DIRECCIÓN A OUTEIRO DE REI DOS VEHÍCULOS QUE PROCEDEN DA PISTA QUE PARA POR DIANE DA IGREXA DE ROBRA

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde sempre, os vehículos que viñan pola pista que vén do barrio da Franca e o Piago e pasa por diante da igrexa de Robra podían virar ao chegar á N-VI cara Outeiro de Reis en ningún problema, pois a liña continua estaba pintada de xeito que permitía esta manobra.

Ademais esta operación podía facerse sen maiores dificultades, dado que aínda que hai unha visibilidade limitada, esta parece suficiente para facer esta manobra sen maiores problemas, polo menos esta é maior que en outros moitos lugares nos que está permitido facelo, incluso no caso de vivendas particulares.

Curiosamente, e suponse que por un erro, na última operación de pintado da estrada non deixaron a descontinuidade nesta liña que permitise a saída cara Outeiro, co que as veciñas e vecinos que veñen por esta pista vense obrigados a saír Dirección Lugo e logo ir dar a volta a onde poden, como por exemplo a diante a entrada da empresa LARSA, operación que aínda que alí está permitida, é bastante máis perigosa do que sería saír directamente no lugar que ese comenta.

Por todo iso, dende o BNG PROPOÑEMOS ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte

#### MOCIÓN URXENTE:

Que o Concello inste ao Ministerio de Fomento para que dun xeito urxente proceda a pintar descontinuidade na sinalización horizontal na saída á N-VI dende a pista que vén do Piago por diante a igrexa de Robra.

En Outeiro de Rei, a 27 de outubro de 2016”

O voceiro do Grupo municipal do BNG quere matizar que esta moción presentouse antes da celebración do último pleno ordinario, polo que esperaba que se incorporara automaticamente ao orde do día do presente pleno, motivo polo cal non sería necesario votar a urxencia.



O Alcalde recorda que non está na orde do día, polo que para o seu tratamento debe votarse a urxencia”.

Afirma que esta moción non ten ningunha componente ideolóxica, así que non entende porqué non se pode aprobar esta moción por unanimidade.

A voceira do PSdG-PSOE recorda que xa se trouxo a este pleno unha moción sobor a creación dun paso elevado.

A voceira de Foro Lugo Independiente considera que é incomprendible porqué unha moción que pretende abordar un problema real dos veciños e que afecta á súa seguridade, non é aceptada polo Grupo do Partido Popular. Isto é unha incoherencia total e o responsable é o Alcalde, que dá as espaldas aos problemas dos veciños.

O Alcalde xa sabe que non entende a política que fai o equipo de Goberno, e rechaza que non se atenda ás demandas dos veciños, e a proba de que os veciños saben que o equipo de goberno coñece as súas necesidades é que a veciñanza outorga a súa confianza elección tras elección.

En relación a este asunto concreto, e coma xa lle dixo o outro día, o día 1 de xullo de 2016 recibíuse neste concello un escrito do Ministerio no que literalmente di:

*“El 4 de febrero de febrero de 2016 se mantuvo una reunión entre el Alcalde de Outeiro de Rei y representantes de la demarcación de carreteras del Estado en Galicia en marco de la cual se identificaron las siguientes solicitudes del Ayuntamiento de Outeiro de Rei entre las cuales está la habilitación de un carril de espera en la N-VI para mejorar el acceso al cementerio y a la Iglesia de la parroquia de Robra “.*

Polo tanto, o goberno non fai as cousas porque o digan os grupos da oposición, e claro que estamos de acordó coa iniciativa. Tan de acordo estamos que se planteou no Ministerio moitos meses antes de que a planteara o BNG neste Pleno.

O que non van facer é solicitar ao Ministerio que pinten unha línea discontinua onde os técnicos din que non se pode pintar por motivos de seguridade. Nos pedimos que se mellore o acceso, e nos gustaría que se fixese ao día seguinte do que o pedimos, e non estamos satisfechos coa rapidez coa que están atendendo a petición, pero seguramente non o pode facer, xa que o Ministerio ten moitísimos quilómetros que atender e vimos dunha crise económica gravísima.

Este equipo non pode apoiar unha moción que pretende facer algo que xa se fixo, é dicir: ponerse en contacto co Ministerio e solicitar a arranxo do problema da mellor forma posible, non de calquer forma, poi moi doada que nos pareza a quenes non somos expertos en seguridade vial.

Espera que máis pronto que tarde se acade unha boa solución. Un acceso seguro á Igrexa de Robra.

O voceiro do grupo municipal do BNG pregunta se tamén é por seguridade polo que non se sinaliza como zona escolar o CEIP e polo que non se reduce a velocidade nese tramo.

Afirma que non pretenden ir en contra dos informes técnicos baixo ningún concepto, e que si aporta un informe técnico que diga que o que propón a moción non se pode facer a retiran inmediatamente.

O Alcalde resposta que no entorno do CEIP a velocidade está máis reducida que no resto da zona urbana. Tamén afirma que se está a traballar nunha mellora do acceso ao colexio, xa que é mellorable.

Remata o debate afirmando que, en tanto amoción propón que se faga algo que o equipo de Goberno xa fixo fai tempo, non pode apoiála.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSDG-PSOE; BNG e FLI.

#### **4. ROGOS E PREGUNTAS**

A continuación, o Secretario dá lectura, en viva voz, do rogo presentado polo Grupo Municipal do BNG con número de rexistro de entrada 4341 do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte rogo, para a súa atención por parte da Alcaldía.

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

Que D. José Castiñeira Pardo, nado en Aspai o 23 de febrero de 1928 e falecido en Lugo o 31 de outubro de 1989 non ten o recoñecemento que se merece no noso Concello a pesares da súa relevancia no mundo musical do seu momento.

Hai que recordar que realizou estudos musicais no Pontificio Instituto de Música Sagrada de Roma onde se licencia en Canto Gregoriano e obtén o mestrado en Harmonía, Composición e Dirección. Que en Lugo foi Prefecto de Música da Catedral Lucense, ademáis de ser nomeado profesor de música da Scholla Cantorum. Importante foi tamén o seu labor como fundador e director da Coral do Círculo das Artes, do Coro do Instituto Masculino, da Polifónica, refundador do Orfeón Lucense e da Escolanía de Canto Xosé Castiñeira da Deputación Provincial de Lugo.

Castiñeira Pardo consideraba importante fomentar a educación musical entre o público e promover a música relixiosa galega. Por isto, utilizou o galego na súa

abundante produción de música relixiosa., incluíndo tanto en obras baseadas en temas litúrxicos como en melodías populares. Entre as súas obras atopamos misas como a a “Misa festiva”, onde utiliza o acompañamento da gaita para realzar a riqueza sonora do noso folclore, panxoliñas como “Noite boa” ou “Venid a Belén”, ademáis de himnos como o “Himno centenario”, música profana como a obra “Morriña” e gran cantidade de obras para coro, entre as que destacan “Padre Divino” ou “Canto de ofertorio”. Escribiu tamen dúas obras para coro e orquestra “Vamos pastorciños” e “Repicade Anxeliños”.

Tamen hai que salientar que foi Rector do Seminario de Lugo entre 1971 e 1981.

E tendo en conta que no Concello de Outeiro de Rei existen múltiples rúas que levan como nome un letra do alfabeto facemos o seguinte

#### ROGO

Que alfunha desta rúas leve o nome destes distinguido músico e sacerdote que desenvolveu ao longo da súa vida un importante labor musical”.

A continuación, o Secretario dá lectura, en viva voz, do rogo presentado polo Grupo Municipal do BNG con número de rexistro de entrada 4342 do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, Concelleiros de Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte rogo, para que sexa atendido por parte da Alcaldía.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Está a piques de rematar o Ano das Letras Galegas dedicado a Manuel María, ano único e irrepetíbel para Outeiro de Rei, ano no que a súa casa natal estivo sempre che de visitantes que querían achegarse á figura máis ilustre de Concello de Outeiro de Rei, a unha das voces máis intensas e valiosas da historia recente da cultura galega.

Este feito provocou que esas xentes que se achegaban á Casa-Fundación Manuel María tamén aproveitasen para coñecer outros recunchos do noso fermoso Concello e de paso facer uso dos servizos hosteleiros que hai no municipio.

Para que siga toda esta actividade é preciso, entre outras cousas, que a Casa Museo de Manuel María que custodia, expón e difunde o conxunto do legado cultural e humano do autor esté ben sinalizada, por iso presentamos o seguinte rogo.

#### ROGO:

Que o Concello inste ao Ministerio de Fomento a que poña carteis na autovía A-6 indicando a existencia da Casa-Museo de Manuel María, tanto en dirección Madrid como en dirección a Coruña entre a anterior saída e a de Outeiro de Rei”.

O Alcalde afirma que a Xunta de Galicia, a través de Turismo está a facer algo sobor este asunto, así como sobor outros fitos culturais a sinalizar.

O Secretario dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG con número de rexistro de entrada 4339 do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, Concelleiros de Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta pa a súa resposta por parte da Alcaldía.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Instituto Nacional de Estatística (INE) vén de publicar hai uns días os últimos datos do censo de poboación por municipios a 1 de xaneiro de 2016, que si os comparamos con doce meses antes observamos que o Concello de Outeiro de Rei pasa de ter 5068 habitantes a ter 5043, é dicir 25 habitantes menos (o 0´49%da poboación total). Esta é a cifra oficial que manexarán todas as Administracións como referencia, por exemplo, para recibir fondos do Goberno central.

Polo que parece a crise económica detén o ascenso dos últimos anos, a construción está practicamente paralizada, a penas chegan habitantes ao Concello, a poboación cada vez máis envellecida...

#### PREGUNTA:

Contempla o Concello algún plan, algunha medida para reverter estas datos e así facer cuprir realmente o slogan do noso Concello porque doutro xeito Outiero de Rei terá un futuro pouco prometedor en canto á demografía, e por extensión, no seu desenvolvemento económico?”.

O Alcalde resposta que si o futuro de Outeiro de Rei é pouco prometedor, o do resto da Provincia será un auténtico desastre, ao igual que o de Galicia ou mesmo de España.

Recorda que este concello nos últimos 15 anos medrou un 20% na súa poboación, xa que pasou de 4000 a 5000 habitantes, porcentaxe que é moi difícil atopar noutros municipios da provincia. E esta tendencia é absolutamente contraria aos dos concellos que goberna o BNG, onde a poboación decrece constantemente.

O voceiro do BNG dí que en Ribadeo medra. O Alcalde afirma que Ribadeo medra nunha porcentaxe moi inferior ao concello de Outeiro de Rei, a pesares de estar a carón do mar e de tratarse dunha vila importante.

O Concello ten por obxectivo manter a súa poboación para o que é necesario prestar servizos de calidade, coma a conciliación familiar, se ben con isto non é dabondo, xa que a xente non decide ter fillos unicamente pola existencia de servizos de conciliación, senón que inflúen moitos outros parámetros que son alleos aos concellos.

O Secretario dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG con número de rexistro de entrada 4340 do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, Concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha das facetas onde mellor se percibe o tipo de xestión que leva a cabo o Concello de Outeiro de Rei é todo o que ten que ver coa limpeza, tanto no referente á limpeza de cunetas como á calidade da recollida de lixo e o estado de limpeza das beirarrúas nas zonas urbanas do Concello e máis en concreto na zona de Guillar.

As persoas que residen nestas urbanizacións do Concello cumpren coas súas obrigas fiscais igual que o resto de veciños e veciñas. Do mesmo xeito, cando fixeron as súas obras ou pediron os servizos necesarios satisfíxeron as taxas municipais cando menos igual que o resto de habitantes do Concello.

En todas as parroquias do Concello, aínda que resulta totalmente insuficiente, lévase a cabo, cando menos, unha limpeza anual das cunetas dos camiños e pistas municipais.

No caso destas urbanizacións, as súas rúas e beirarrúas nunca se limpan con auga a presión por parte do Concello, como sí se fai na urbanización da Sta. Isabel ou na capital municipal; sendo os propios veciños e veciñas quen teñen que facelo.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG fai ante este Pleno Municipal as seguintes preguntas:

#### PREGUNTAS:

1Cal é o motivo polo que o Concello fai o servizo de baldeado das beirarrúas nuns sitios e noutros non?

2Ten pensado o señor Alcalde, a curto prazo, proceder a organizar por parte do Concello a limpeza con auga das beirarrúas en todos os sitios onde existen?”.

O Alcalde resposta que podería estudiarse, se ben seguro que conlevaría un encarecemento do servizo e, polo tanto, unha suba da taxa. Non obstante, afirma que non é certo que as limpeza se fagan soamente na Santa Isabel ou na capitalidade do Concello, xa que as limpeza non se fan con frecuencia.

No que atinxe as urbanizacións de Guillar xa se fixo algunha vez unha limpeza con auga non periódica, e periódicamente se barren ou se tratan con fitosanitarios, ao igual que en Santa Isabel ou na capitalidade.

A voceira do Grupo municipal de Foro Lugo Independiente pregunta de xeito oral cándoo se vai poñer solución á situación denunciada relativa a determinados animais ceibes en Constante e que xa se formulou no Pleno de outubro.

O Alcalde resposta que o Concello carece de servizo de castración de animais ceibes.

Por último, o Alcalde dá conta das solicitudes de acceso á documentación cursada polos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, así coma da entrega da documentación solicitada.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos da data expresada no encabezaemento, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do Alcalde

O Secretario

VºPº; O Alcalde